

Congreso



50 ANOS DE ECONOMÍA EN GALICIA

12.13 abril. 2018

**Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais USC
Santiago de Compostela**

PROGRAMA



FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

www.50aniversarioestudioseconomiagalicia.gal



xoves.12.abril

9:00 h Acollida dos participantes e entrega de documentación

9.30 h Inauguración

10.00 h SESIÓN 1. Nova organización empresarial

A través da visión de importantes directivos relevantes do país, aspírase a resumir cal foi a evolución no tecido empresarial galego ao longo dos últimos 50 anos, dende a creación en Santiago da Facultade, buscando con isto unha certa representación do tecido empresarial galego.

José Antonio Varela

Justino Bastida

Ramón Domínguez Rego

José Ramón Pérez Nieto

Jorge Lorenzo Souto

José María Fonseca Moretón

11.00 h SESIÓN 2. Poboación, condicións de vida

O significado e alcance dos cambios demográficos que coñecemos e os mesmos retos que entrañan dificilmente pódense abordar sen entendelos como unha expresión da modernización económica e social das sociedades occidentais. No caso de España, e en especial no de Galicia, unha boa parte das achegas ao estudo da lonxevidade, descenso da fecundidade, cambio na estrutura de idades, cambio familiar... limítanse á presentación da medición das variables vitais engadindo consideracións moi negativas dos cambios, desligados do conxunto da economía; en especial dos profundos cambios no mundo rural que entrañan rupturas cun arraigado imaxinario "da Galicia campesiña" como en xeral en toda a estrutura produtiva, mercado de traballo... e da incorporación de conceptos como o de eficiencia demográfica e eficiencia reprodutiva.

M^a Xosé Rodríguez Galdo

Fausto Dopico Gutiérrez del Arroyo

Eduardo Pis Sánchez

Bernardo Pena Trapero

12.00 h Pausa-café

12.30 h SESIÓN 3. A formación universitaria: evolución, situación actual e futuro

Os cambios que se produciron na universidade dende seus comezos na Idade Media obrigaron a que o modelo formativo e máis os plans de estudo teñan que ir adaptándose ao compromiso entre a universidade e a sociedade; xa que nestes últimos tempos difundíuse a conciencia de que as institucións deberían non só ser máis eficientes, senón tamén máis responsables coas necesidades tanto dos seus usuarios como da sociedade que contribúe á súa mantenza.

José Carlos De Miguel

José Díez de Castro

Eduardo López Pereira

Emilia Vázquez Rozas

13.30 h SESIÓN 4. Os cambios no sector industrial

Nesta táboa redonda comentaremos brevemente, dende dúas traxectorias profesionais diferentes, os principais cambios e permanencias na industria durante os cincuenta anos de vida dos estudos universitarios de economía en Galicia. Especialización sectorial, cambios na organización industrial, políticas industriais ou balances sobre o acontecido nestes anos serán algúns dos temas a discutir na sesión.

Xoán Carmona Badía

Xan López Facal

14.30 h Comida

16.30 h SESIÓN 5. A importancia do sector pesqueiro

O paso dos primeiros 50 anos dos estudos de ciencia económica en Galicia realizados ao amparo institucional da Facultade de CC Económicas deixou como pegada científica e social os estudos de economía pesqueira. Tres teses de doutoramento a cargo de Fernando González Laxe, Manuel Varela Lafuente e María do Carme García-Negro foron seminais das aportacións universitarias galegas en docencia, investigación e transferencia de coñecemento aos campos empresariais, sindicais e de goberno. Estas relacións, ricas no seu desenvolvemento nos últimos anos, foron as responsábeis da creación de capacidade para lograr unha análise Input-Output da pesca galega, plasmada en Táboas Input-Output de 1995, 1999 e 2011, realizadas nesta Facultade e co respaldo promocional da Xunta de Galicia. Resaltaremos as análises derivadas máis a lectura directa das mesmas, de tal modo que enfocaremos a situación actual da pesca galega, as características do seu desenvolvemento, os problemas actuais e máis a súa perspectiva de futuro. Galicia pasou de ser subministradora de produtos pesqueiros ao mercado mundial a converterse en dependente. O noso traballo aporta as razóns desta mudanza, analiza as conductas dos axentes produtivos e avalía as distintas políticas de especialización e diferenciación do sector ao longo dos últimos anos.

Fernando González Laxe
M^a do Carmo García Negro

17.30 h SESIÓN 6. Principais indicadores económicos de Galicia: evolución e situación actual

A primeira parte desta sesión intenta proporcionar unha visión xeral da evolución da economía galega nas últimas décadas en temas relacionados coa renda real dos sectores produtivos, o emprego, a poboación, o nivel de educación e I+D, comercio e outras variables. Tamén presenta unha comparación de Galicia con outras CC.AA. españolas. A segunda parte fai unha referencia aos indicadores comarcais e municipais e destaca a conveniencia de impulsar actividades que freen a perda de poboación en moitas zonas de Galicia. A terceira parte dedica unha atención especial ás políticas europeas de desenvolvemento industrial e emprego rexional. Analizamos a evolución positiva da industria en Galicia durante o período 1990-2007, así como as negativas consecuencias da crise sobre o índice de produción industrial.

M^a del Carmen Guisán
Maite Cancelo

18.30 h SESIÓN 7. Recursos enerxéticos e mineiros

Na temática dos recursos enerxéticos e mineiros, analizarase a evolución no ámbito galego e as perspectivas de futuro, dentro do español e internacional. Na actualidade, utilízase un grande volume de recursos enerxéticos propios, mais a capacidade de transformación enerxética require importacións crecentes de enerxía primaria (petróleo, carbón ou gas natural) para exportar enerxía transformada. A desaparición da minaría enerxética fixo perder peso á actividade mineira en Galicia, o que, xunto á caída da minaría metálica, levou a que a este sector se centre en materiais ligados fundamentalmente a actividades da construción.

Xoán Doldán
Rosa Regueiro Ferreira
Xosé Antón Rodríguez González

09.30 h SESIÓN 8. Mercado de traballo

Nesta mesa abordarase a análise das importantes transformacións sufridas polo mercado laboral en Galicia ao longo das últimas décadas. Dende unha diagnose inicial, onde se analizará a dinámica demográfica e os cambios sufridos pola estrutura dos sectores produtivos, a estrutura do emprego e a dinámica do paro, pasaremos a abordar algúns temas de relevancia no momento actual: a relación entre a composición sectorial da economía, a desigualdad salarial e o ciclo económico, por unha banda e, pola outra, o impacto das novas tecnoloxías e da automatización no emprego.

Alberto Meijide Vecino

Melchor Fernández Fernández

Laura Hospido Quintana

Juan Ramón García López

10.30 h SESIÓN 9. Os cambios no sector agrario e forestal

As transformacións que experimentou a economía e a sociedade galega nos últimos 50 anos orixinaron un forte declive económico e demográfico das áreas rurais, paralelo á concentración da poboación e a actividade económica nas zonas urbanas, especialmente do Eixo Atlántico. Esa perda de peso acompañouse de profundas mudanzas das áreas rurais, tanto na súa estrutura demográfica como na base económica e na xestión do territorio. O resultado foi a configuración dun medio rural: i) que continúa ocupando 4/5 do territorio pero no que só vive hoxe o 25% da poboación; ii) un medio rural cada vez máis desagrazado, no que a maior parte dos residentes manteñen algunha vinculación coa propiedade e/ou o traballo da terra pero só unha minoría (15% dos ocupados) teñen a actividade principal na agricultura; iii) un medio rural con notables debilidades na súa base económica, debido ás deficiencias estruturais do sector agrario e o complexo agroalimentario e ao limitado desenvolvemento doutras ramas da industria e os servizos; iv) un medio rural con enormes carencias aínda na dotación de servizos para a poboación e as empresas; v) un medio rural que non é capaz nin de xestionar nin de preservar todos os recursos ambientais dos que dispón; vi) e a última nota a salientar é que estamos ante un medio rural cada vez máis heteroxéneo, con crecentes desigualdades a nivel comarcal, municipal e incluso entre as parroquias dun mesmo concello, froito de factores endóxenos e da inserción nos mercados globais.

Xosé Luis Quiñoá

Edelmiro López

María Loureiro

11.30 h Pausa-café

12.00 h SESIÓN 10. O turismo como fonte de riqueza: rural, termal, cultural...

Nos últimos 50 anos a actividade turística experimentou un importante crecemento. Galicia conta na actualidade cunha oferta importante e diversificada. Unha das características máis importantes da súa actividade turística é, precisamente, que non depende dun único tipo de turismo. Galicia conta cuns atributos internos óptimos para o crecemento de distintas modalidades de turismo, polo que se teñen desenvolvido, con máis ou menos intensidade, o turismo de sol e praia, o turismo rural, o de aventuras, o gastronómico, o náutico, o de saúde e o relixioso e cultural, sen esquecermos da importancia estratéxica do Camiño de Santiago. Na actualidade o turismo representa máis do 11% do PIB e do 12% do emprego da comunidade. Incrementar a duración das estadias, reducir a estacionalidade turística, incrementar o peso do turismo internacional e orientar a actividade nunha senda de desenvolvemento sostible, na que todos os axentes saian beneficiados, son algúns dos retos que se deben afrontar nun futuro inmediato.

María Nava Castro Domínguez

Fidel Martínez Roget

José Antonio Fraiz Brea

13.00 h SESIÓN 11. Servizos financeiros. Cambios na banca

A sesión "Finanzas en tempos de crise" ten como obxectivo presentar tres aspectos que consideramos esenciais na comprensión da crise. En primeiro lugar, o profesor Juan Ramón Quintas reflexionará sobre o entorno no que se xestou e desenvolveu nesta gran crise financeira e como o insuficiente e inapropiado marco regulamentario impediron garantir a estabilidade financeira do sistema. En segundo lugar, Francisco Domínguez aportará a súa visión crítica sobre a deriva das entidades financeiras que, tendo un mercado compromiso social, asumiron riscos inapropiados aos seus obxectivos. Por último, abordarase a contribución da ciencia financeira no século XX e, en especial, a falta de resposta á actual crise que puxo en evidencia a teoría financeira clásica. Os novos paradigmas que intentan dar resposta aos evidentes fracasos teóricos, serán obxecto de reflexión nesta xornada.

José Antonio Redondo López
Juan Ramón Quintas Seoane
Francisco Domínguez Martínez

14.00 h Comida

16.00 h SESIÓN 12. Evolución e control do gasto público

Trala última crise, alcanzar o axuste ao mesmo tempo que unha lenísima reactivación só podía facerse grazas á demanda exterior, como aconteceu noutras crises. A pregunta que aquí resulta pertinente é se ese motor vai a ter un longo percorrido ou se só é capaz de actuar en momentos excepcionais como o presente, tras pasar a proba dunha desvalorización, sexa interna como a actual, ou da divisa, como foron as anteriores. En torno ao diagnóstico, ofrecido polo profesor Serrano, estruturase a discusión na mesa redonda.

Luis Caramés
Eduardo Bandrés Moliné
José María Sérrano Sanz
Miguel Ángel Vázquez Tain

17.00 h SESIÓN 13. Galicia en España e na UE


A nosa historia recente é plenamente unha historia europea: nós, aínda que coa identidade de pobo migrante, convidado, sen dereito a firma, tamén estabamos alí, polo menos dende fins da década dos corenta, implicados na construción dunha Europa nova, que se sentía quen de superar, uníndose, a súa lacerante historia política. Nunca debemos esquecer que no decurso do século XX morreron por mor da violencia política non menos de cen millóns de europeos, incluídos os nosos mortos por causa da Guerra Civil de 1936-1939. A Europa que emerxía, orixinariamente como proxecto meramente económico pero de contado tamén político, primeiro como Mercado Común, logo como Comunidade Económica e logo como simplemente Unión, era a renuncia a recordos sequera si non fora frutiferamente tan nefanda memoria. E, iso si, unha vez acordada a nosa adhesión formal en plenitude de dereitos, nós xa non eramos meros convidados senón cidadáns europeos propiamente ditos e a moita honra.

Boa parte dese tempo de construción foi tamén o de asentamento definitivo da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela. Paga a pena, pois, que enxerremos as dúas memorias nunha mesma póla de poder frutífero. Ao fin e ao cabo, este xa é o noso futuro, o noso único futuro aceptable.

Emilio Pérez Touriño
Jaime Barreiro Gil
Jaime García Lombardero

18.00 h Clausura

Congreso



ANOS DE ECONOMÍA EN GALICIA

+ info e inscricións

www.50aniversariobsc.ufp.economia.gal/congreso-50-anos-de-economia-galega

Secretaría Técnica:

981 59 11 71

economia50.secretaria@usc.es



Organiza



FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

galicia



XUNTA DE GALICIA

Patrocinador

Colaboración Institucional



economistas
Consello Galego

Colaboradores

